



ÁMBITO ARTÍSTICO

Creating a Star Ornament

Debuxo técnico e artesanía téxtil



CURSO 24/25
Ti CONTAS
All of you are part of this

1.-IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA: “Creating a Star Ornament” Debuxo técnico e artesanía téxtil

ETAPA: PRIMARIA

NIVEIS: 3º E 4º

ÁMBITO / ÁREAS: Ed. Artística (plurilingüe)

PROFESORADO: Malena Casal

DESCRIPCIÓN DA TAREFA: Creación dun adorno de felpa a través dun hexágono estrelado utilizando materiais de debuxo técnico.

XUSTIFICACIÓN: Esta unidade didáctica integra competencias plásticas e visuais co aprendizaxe do inglés mediante a metodoloxía CLIL. O obxectivo desta unidade é desenvolver no alumnado habilidades xeométricas e manuais, utilizando o compás e a regra para crear un hexágono estrelado, aplicándoo posteriormente nunha actividade artesanal. Este enfoque fomenta a creatividade e o uso práctico de ferramentas xeométricas e de costura, mentres se reforza vocabulario e expresións en inglés. Ademais, este proxecto é significativo e motivador porque permite ao alumnado crear adornos personalizados que poden levar á casa.

CONTEXTO: Este taller levarase a cabo na Aula de Plástica durante unha xornada lectiva de 4 horas cos seus correspondentes descansos (merenda, recreo, hora de ler). O alumnado estará distribuído en 5 mesas de 4 alumnos. Os agrupamentos serán heteroxéneos con alumnado de 3º e 4º de E.P.

2.- CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / INDICADORES	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1. Introducción e contextualización: Presentación da tarefa e familiarización coas ferramentas	CA1.2. Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas. CA1.3. Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. CA1.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Observación directa
2. Debuxo dun hexágono estrelado	CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Rúbrica
3. Confección da estrela ornamental	CA2.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. CA2.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Rúbrica

<p>4. Reflexión final e peche da sesión.</p>	<p>CA2.5. Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.</p> <p>CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.</p>	<p>Observación directa</p>
<p>CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA</p>		
<ul style="list-style-type: none"> • Aproximación ao debuxo técnico. • Uso do compás e da regra para crear un hexágono estrelado. • Confección dun colgante ornamental a partir da figura xeométrica realizada con axuda dunha plantilla. • Aproximación á costura co uso de fío e agulla. • Vocabulario en inglés sobre formas xeométricas, instrucións e elementos ornamentais. • Interese e respecto polo traballo artístico propio e alleo. • Valoración do traballo en equipo como parte fundamental do proceso creativo. • Fomento da colaboración, a comunicación e a resolución de problemas de forma conxunta. • Uso de instrucións e rexistros en inglés durante as actividades prácticas. 		

3. SECUENCIACIÓN

ACTIVIDADE	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3
1. Introducción e contextualización: Presentación da tarefa e familiarización coas ferramentas	Presentación do proxecto e obxectivos. Introducción das ferramentas de debuxo.	Actividade de vocabulario en inglés relacionado. Art supplies: <i>compass, ruler, circle, line, diameter, radius, star, points, intersection, center.</i>	Exercicio de debuxo de círculos de diferentes tamaños para practicar o manexo do compás.
2. Debuxo dun hexágono estrelado	Explicación paso a paso en inglés do proceso para facer un hexágono estrelado.	O alumnado debuxa a súa propia estrela en papel seguindo as instrucións dadas.	Decoración da estrela con cores.
3. Confección da estrela ornamental	Transferir o deseño da estrela a un papel e utilizar este como plantilla na felpa.	O alumnado recorta a felpa e cósea. Engádese o cordón para colgar e decoramos con abalorios, fío ou botóns se se desexa.	Vocabulario en inglés: <i>felt, cut, trace, pattern, template, button, sew, needle, thread.</i>
4. Reflexión final e peche da sesión	Reflexión final sobre o proceso e os resultados obtidos	Recollemos e limpamos a aula de Plástica.	

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA				
ACTIVIDADE	LUGAR	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
1. Introducción e contextualización: Presentación da tarefa e familiarización coas ferramentas	Aula de Plástica	Grupos de 4	Bloc de debuxo Lapis, goma, regla, compás	50 minutos 9:10 a 10:00
2. Debuxo dun hexágono estrelado	Aula de Plástica	Grupos de 4	Bloc de debuxo Lapis, goma, regla, compás, ceras	30 minutos 10:00 a 10:30
3. Confección da estrela ornamental	Aula de Plástica	Grupos de 4	Papel de forno, feltro, tesoiras, agullas, fíos, dedais, abalorios, botóns...	90 minutos 10:30 a 11.20 12:20 a 13:00
4. Reflexión final e peche da sesión	Aula de Plástica	Grupos de 4	Rúbricas de avaliación	10 minutos 13:00 a 13:10

5.-AVALIACIÓN		
ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS	PROCEDEMENTOS
Do alumnado	Debuxo dun hexágono estrelado	Rúbrica Valoración do uso das ferramentas de debuxo técnico, así como da precisión no debuxo.
	Confección da estrela ornamental	Rúbrica Na avaliación da confección do ornamento terase en conta as habilidades manuais na costura e a creatividade.
	Traballo en equipo	Observación directa A mestra observa o comportamento do alumnado durante as actividades facendo unha avaliación da capacidade de colaborar en grupo e respectar as opinións e ideas de todos.
	Autoavaliación	Exposición oral Reflexión final por parte do alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe. Cada grupo realiza unha breve presentación oral sobre o traballo realizado, explicando o seu proceso creativo, os retos que atoparon e como os superaron. Poden incluír reflexións sobre: ¿Que aprenderon? ¿En que aspectos melloraron? ¿Que poderían mellorar?
Do profesorado	Deseño da tarefa	Ficha de recollida de información O docente revisa a estrutura da tarefa ao rematar. Avalía se as actividades foron axeitadas, se o tempo foi ben distribuído, se os obxectivos de aprendizaxe foron realistas e alcanzables, e se houbo suficientes oportunidades de avaliación formativa. Estas reflexións compartiranse co equipo docente nas reunións de ciclo e de ámbito, intercambiando impresións sobre a tarefa, a formación dos grupos de traballo e discutindo posibles melloras. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos.
	Autoavaliación da práctica docente	Lista de cotexo O docente reflexiona despois de cada sesión sobre a súa práctica. Avalía aspectos como a planificación, a xestión do tempo, a claridade nas explicacións, o uso de materiais e a súa capacidade para atender ás necesidades do alumnado. Estas reflexións compartiranse co equipo docente nas reunións de ciclo e de ámbito, intercambiando impresións sobre a tarefa, a formación dos grupos de traballo e discutindo posibles melloras. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos.

Rúbrica de Avaliación: Debuxo dun hexágono estrelado				
Critérios	Excelente (4)	Bo (3)	Satisfactorio (2)	Insuficiente (1)
Uso do compás e a regra	Usa o compás e a regra con seguridade e precisión, mantendo medidas e simetría de forma correcta.	Usa o compás e a regra correctamente, aínda que con algún pequeno erro na simetría.	Usa o compás e a regra pero con dificultades para manter a simetría ou as medidas precisas.	Non usa correctamente o compás e a regra; ten serias dificultades no manexo das ferramentas.
Simetría e proporción	A estrela mantén unha simetría perfecta e proporción entre as puntas e o centro.	A estrela ten boa simetría, con pequenas desviacións que non afectan significativamente o resultado.	A simetría está presente pero con varias desviacións que afectan á forma xeral.	A estrela carece de simetría, o que fai que a figura non sexa recoñecible como estrela de seis puntas.
Seguimento dos pasos	Seguiu os pasos en orde e con atención aos detalles en cada etapa.	Seguiu os pasos correctamente, pero omitiu algún detalle menor.	Seguiu os pasos en orde pero con varios erros ou omisións importantes.	Non seguiu os pasos en orde ou omitiu a maior parte dos detalles.
Presentación final	A estrela está limpa, ben trazada e completa, mostrando precisión e coidado.	A estrela está limpa e ben trazada, con pequenos detalles que poderían mellorarse.	A estrela está completa, pero presenta liñas pouco coidadas ou trazos confusos.	A estrela non está ben presentada, ten moitas liñas incorrectas e un aspecto descoidado.

Rúbrica de Avaliación: Adorno de felpa				
Critérios	Excelente (4)	Bo (3)	Satisfactorio (2)	Insuficiente (1)
Uso de plantilla	A plantilla de estrela está ben transferida ao feltro, mantendo a forma e as proporcións con precisión.	A plantilla está ben transferida, con algunha pequena desviación que non afecta significativamente a forma.	A plantilla está transferida pero presenta varias desviacións que afectan á precisión da estrela.	A plantilla está transferida de forma pouco precisa, o que fai que a figura non sexa recoñecible.
Manexo do fío e da agulla	Usa o fío e a agulla con seguridade e precisión, cosendo con puntos regulares e firmes.	Usa o fío e a agulla de forma correcta, con puntos que maiormente son regulares e firmes.	Usa o fío e a agulla pero con puntos irregulares ou soltos que afectan a estabilidade do adorno.	Mostra dificultades significativas co uso do fío e a agulla, con puntos frouxos e descoidados.
Creatividade e decoración	O adorno reflicte un alto grao de creatividade, cun uso decorativo de elementos adicionais (botóns, contas) que melloran o deseño.	O adorno é creativo e inclúe algúns elementos decorativos adicionais que melloran o seu aspecto.	O adorno é básico, con poucos elementos decorativos ou unha decoración simple.	O adorno carece de elementos decorativos e mostra pouca creatividade ou esforzo decorativo.
Presentación final	O adorno está ben acabado, coas liñas e os puntos limpos e firmes, listo para ser usado como decoración.	O adorno está ben presentado, aínda que podería mellorarse a limpeza dos puntos ou algún detalle menor.	O adorno está completo, pero con trazos ou puntos descoidados que afectan á súa presentación.	O adorno non está ben acabado; presenta moitas imperfeccións e un aspecto descoidado.

CRITERIOS E CONTIDOS - RÚBRICA

Traballo en equipo, organización e adquisición das aprendizaxes

ITEMS		4	3	2	1	CRITERIOS DE AV.
TRABALLO EN EQUIPO	A. ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes as súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo./	LG 4º: CA2.5 LG 3º e 4º: CA2.8 LC 3º e 4º: CA2.8 EPV 3º e 4º: CA1.5, CA2.6
	B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado.	CCNN 3º e 4º: CA4.5, CA4.2 M 3º e 4º: CA2.1, CA3.1, CA6.4 EPV: 3º e 4º: CA2.3 e 2.4
	C. PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuosa e non invasiva.	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.	LG 3º e 4º: CA2.8 LC 3º e 4º: CA2.8 EPV 3º e 4º: CA2.3 e 2.4
	D. RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervéñ nas quendas doutras persoas.	LG 4º: CA2.5 LC 3º e 4º: CA2.4, CA2.5 EPV 3º e 4º: CA1.5, CA2.6

ORGANIZACIÓN	E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións.	Cústalle seguir o paso a paso das actividades e cumprir os acordos do equipo.	PC 3º e 4º: CA1.1, CA1.2, CA1.4, CA1.5, CA2.1 CCNN 4º e 3º: CA4.3 EPV 3º e 4º: CA2.3
COMPRESIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES	F. É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS	É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir destes.	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.	É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.	CCNN 3º e 4º: CA2.2, CA1.1, CA1.2, CA1.3, CA1.4 EPV 3º e 4º: CA1.1
	G. É QUEN DE COMPRENDER UN TEXTO ESCRITO OU ORAL	É quen de comprender un texto escrito e un oral sen apoio, identificar a información precisa e sintetizala de xeito coherente.	É quen de comprender a maior parte dun texto escrito e un oral sen apoio e identificar a información precisa.	É quen de comprender un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de comprender un texto escrito e mostra dificultades cun oral.	LG 3º e 4º: CA2.1, CA4.1, CA4.2 LC 3º e 4º: CA2.1, CA4.1, CA4.2 EPV 3º e 4º: CA1.3
	G. É QUEN DE PRODUCIR UN TEXTO ESCRITO ORAL	É quen de producir un texto escrito e un oral coherente, axeitado comunicativamente e planificado.	É quen de producir un texto escrito e un oral, case sen apoio, coherente e axeitado comunicativamente.	É quen de producir un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de producir un texto escrito e mostra dificultades cun oral.	LG 3º e 4º: CA3.7 LC 3º e 4º: CA3.7 EPV 3º e 4º: CA1.2

DESEÑO DA TAREFA - FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características do contexto real da aula.		
A tarefa respecta a atención á diversidade.		
Os obxectivos foron axeitados para ser acadados con éxito.		
Os obxectivos propostos foron acadados.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación foron prácticos e eficaces.		
Os recursos empregados foron axeitados á tarefa planificada.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
A linguaxe empregada no deseño e planificación da tarefa foi a adecuada.		
A tarefa deseñada e planificada está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE- LISTA DE COTEXO

	SI	NON
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Conseguiuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
A temporalización das actividades foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Responduse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadoras para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		